



DISCURSO DO PRESIDENTE DO CONSELLO

DO ESTUDANTADO – Andrés Couso Viana

APERTURA DO CURSO 2024-2025

Pazo de Fonseca – 13.09.2024 – 12.00 h

Sr. Reitor Magnífico, srs. e sras. Vicerreitoras, sra. Secretaria Xeral, sr. Xerente, autoridades, membros do PTXAS (Persoal técnico de xestión, administración e servizos), do PDI, compañeiras do Estudantado, estimada Comunidade:

Sinto enorme honra de poder estar hoxe aquí representando o estudantado da miña Universidade. Sinto tamén o deber de agradecer a todas as persoas que tanto confiaron en min e tanto me apoiaron para estar hoxe aquí. Hai un ano, meu querido Emi pronunciaba un emotivo discurso despois de 90 anos sen a voz do estudantado neste acto. Agora, xa podemos dicir que a participación do estudantado no acto de apertura de curso veu para quedarse e isto debe ser un orgullo para todas nós.

Hoxe, ao iniciar un novo curso, é un momento ideal para reflexionar sobre a situación na que nos atopamos como estudantes e para pór en riba da mesa os desafíos aos que nos enfrontamos. Ao longo destes anos, ficaron en evidencia diversos aspectos fundamentais que representan barreiras significativas para moitas de nós, especialmente para aquelas máis vulnerables.

A primeira barreira á que me vou referir é a económica, que cada vez está máis patente á hora do acceso á Universidade. As bolsas son insuficientes e para optar a elas existen uns criterios clasistas que complican verdadeiramente o acceso ás mesmas ás estudantes que máis o necesitan. Non podemos esperar nin premiar a excelencia académica sen antes garantir as condicións mínimas de benestar para todo o estudantado. A meritocracia non existe se non partimos dende a equidade.



Outra ten que ver co acceso á vivenda. A maioría de vivendas nas que vive o estudantado da nosa Universidade non son nin dignas nin acceqibles, son zulos por 600 euros ao mes. Supoño que moitas de vostedes comprenderán que estudar nunha habitación sen luz exterior e cunha mesa que se tambalea cada vez que intentas escribir non é doado. As residencias públicas, ademais, resultan insuficientes e teñen verdadeiras carencias. Por iso, dende este altofalante que teño hoxe aquí, gustaríame instar ás autoridades competentes, Universidade, Concellos de Compostela e Lugo e por suposto á Xunta de Galicia a que se comprometan con este complexo problema.

O dereito á conciliación debe ser garantido. O estudantado tamén ten que conciliar, temos familia á que coidar, nais e pais enfermas, avós e avoas que precisan atención, compañeiras de piso, amizades... A día de hoxe, a dispensa na nosa universidade no canto de facilitar a formación a persoas que estudan e traballan ao mesmo tempo, ofrecendo alternativas, complícana. A dispensa estase a resumir en moitos centros en exames finais con preguntas adicionais para as persoas que a tiveron , no canto de ofertar recursos extras que lles permitan completar a súa formación.

Debemos falar do que pode que sexa un dos maiores problemas sanitarios que existe a día de hoxe entre a mocidade: a saúde mental. no 2023, máis do 60 % de mozas e mozos revelaron que tiveran algún problema de saúde mental. No 2017 case o 70% manifestaban que non tiveran ningún problema de este tipo. Porén, é frecuente caer no erro de darlle un enfoque individualizado, mais é necesario achegarnos á causa de por que hai tantas mozas e mozos con ansiedade, depresión e outras patoloxías. Non é suficiente con aumentar os recursos nos gabinetes de atención psicopedagóxica, que tamén, temos que dotar aos nosos estudantes da suficiente estabilidade para que poidan vivir e estudar en condicións saudables. E para isto, bolsas suficientes e sen criterios de adxudicación inxustos que xeran medo e ansiedade por non poder continuar na universidade, vivenda de calidade e asequible, permitir a conciliación do estudantado coa súa vida fóra da universidade. Tamén é esencial garantir



unhas instalación dignas para toda a comunidade universitaria, destacar o preocupante caso da Facultade de Farmacia que leva dende 2016 cunha situación altamente preocupante.

O conxunto destas barreiras, e máis que existen, complican enormemente o acceso e o progreso do estudiantado na universidade. Non obstante, se entendemos a universidade dende o punto de vista da Internacionalización, da cooperación entre as universidades das distintas partes do mundo para a transmisión e obtención de coñecemento. Non podemos esquecernos de que noutras universidades, hai estudantes e persoas con estas barreiras e outras moito peores que directamente imposibilitan o acceso á Universidade e mesmo o dereito á vida. Claro exemplo é o que está a acontecer co pobo Palestino: Israel asasinou a estudantes, profesores e mesmo a reitores de Universidades Gazatíes. Destruíu 13 universidades na franxa de Gaza, entre elas a Universidade Al Azahar e a Universidade Islámica. Segundo a UNRWA máis de 630 mil estudantes non regresarán ás aulas de institutos e universidades polo xenocidio. Segundo as autoridades palestinas, foi confirmada a morte de máis dun centenar de científicas, investigadoras e profesoras universitarias. Por iso penso que debemos recoñecer a loita estudantil que está a esixir, nas Universidades de todo o planeta, o alto ao fogo en gaza, para chegar a solucións diplomáticas que recoñezan o Estado Palestino. Isto, tamén é internacionalización.

Gustaríame finalizar o meu discurso reflexionando sobre a perigosa tendencia cara o individualismo e a despolitización da poboación que asola a nosa democracia. É extremadamente perigoso que nos apartemos do colectivo e que obviemos a importancia de vivir en comunidade, ao fin e ao cabo somos animais e somos de manada. É por isto que a USC debe asegurar que o paso do estudiantado pola mesma, sexa moito máis que a obtención dun simple título. Así pois, todos os esforzos que se están a facer e máis que se fagan en fomento da cultura, da creación de espazos de convivencia e espazos de formación extraacadémica dentro da Universidade e por suposto en colaboración cos Concellos, son máis que necesarios para crear unha universidade e unha cidade da que todas



sexamos partícipes.

Remato, tendendo a man, dende o Consello do Estudantado, como Máximo Órgano de Representación Estudiantil, a toda comunidade para conseguir unha universidade pública, digna e de calidade.